

DECLARACIÓN DA UDC EN APOIO DA CANDIDATURA DA TORRE DE HÉRCULES E O FERROL DA ILUSTRACIÓN COMO PATRIMONIO DA HUMANIDADE

A Universidade da Coruña, asentada nos campus da Coruña e de Ferrol, en canto institución pública galega que ten como finalidade esencial a xeración, xestión e difusión da cultura e do coñecemento, apoia co máximo interese as candidaturas da Torre de Hércules da Coruña e do Ferrol da Ilustración como patrimonio da humanidade recoñecido pola UNESCO.

Para nós, como para a cidadanía destas cidades, este recoñecemento será a confirmación de algo ben instalado na nosa conciencia: a singular persistencia en funcionamento dun faro romano, remozado polas luces ilustradas que brillan tamén no noso logotipo, e fronte a el, a creación dun ámbito urbano coherente e racionalista que marca desde o século XVIII a personalidade ferrolá.

No caso da Torre da Hércules, a nosa institución reitera o acordo de Consello de Goberno realizado o día 31 de outubro de 2002.